

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

7439 *Real decreto 647/2020, do 7 de xullo, polo que se regulan aspectos necesarios para a implementación dos códigos de rede de conexión de determinadas instalacións eléctricas.*

I

O Regulamento (UE) 2016/631 da Comisión, do 14 de abril de 2016, polo que se establece un código de rede sobre requisitos de conexión de xeradores á rede; o Regulamento (UE) 2016/1388 da Comisión, do 17 de agosto de 2016, polo que se establece un código de rede en materia de conexión da demanda, e o Regulamento (UE) 2016/1447 da Comisión, do 26 de agosto de 2016, polo que se establece un código de rede sobre requisitos de conexión á rede de sistemas de alta tensión en corrente continua e módulos de parque eléctrico conectados en corrente continua, aproban os denominados códigos de rede de conexión.

Os códigos de rede de conexión enmarcados dentro dos citados regulamentos europeos establecen o conxunto de requisitos técnicos mínimos de deseño e operación que deberán cumprir as instalacións de xeración, as de demanda e os sistemas de alta tensión conectados en corrente continua (sistemas HVDC), para a súa conexión á rede eléctrica.

Ben que unha parte dos requisitos técnicos establecidos neses códigos de rede de conexión son de directa aplicación, outros non están completamente detallados e a súa posta en práctica require que, conforme o establecido nos citados regulamentos, sexan propostos polos xestores da rede e, posteriormente, aprobados e publicados pola entidade designada polo Estado membro, a cal será a autoridade reguladora, salvo disposición en contra dese Estado membro.

Co fin de coordinar as propostas que, de acordo co sinalado anteriormente, debían presentar os xestores de rede en relación co requisitos non completamente desenvolvidos no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; no Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e no Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, en 2016 creáronse varios grupos de traballo, baixo a coordinación do operador do sistema eléctrico e xestor da rede de transporte. Adicionalmente, estes grupos de traballo serviron para proporcionar un foro de debate onde tratar aspectos relacionados coa implementación de tales regulamentos europeos. Como consecuencia do traballo levado a cabo nestes grupos, púxose de manifesto a conveniencia de concretar e definir algúns aspectos que, por non estaren convenientemente detallados ou desenvolvidos neses regulamentos, podían dar lugar a interpretacións diversas ou xerar indeterminación.

De xeito particular, o grupo de traballo dedicado ao desenvolvemento de cuestións relacionadas co Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, serviu de foro de debate da proposta de limiares de capacidade máxima que, de conformidade co establecido no artigo 5.3 do devandito regulamento, debía realizar o xestor da rede de transporte e ser posteriormente aprobada. Os limiares de capacidade teñen unha especial relevancia na aplicación do citado regulamento dado que serven para determinar se un módulo de xeración de electricidade se pode considerar importante ou significativo posto que, en caso contrario, ese módulo estará excluído do ámbito de aplicación do regulamento. Así mesmo, os limiares de capacidade que se establezan de conformidade co citado artigo 5.3 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, determinarán cales dos requisitos que establece tal regulamento serán de aplicación a un determinado módulo de xeración de electricidade que se poida considerar importante de acordo co sinalado anteriormente.

II

Este real decreto ten por obxecto concretar determinados aspectos que se consideran necesarios para a implementación adecuada dos códigos de rede de conexión, entre os cales se encontran algúns relativos ao procedemento de notificación operacional.

Tal como se recolle no seu capítulo I, o ámbito de aplicación da norma vincúlase aos respectivos ámbitos de aplicación dos códigos de rede de conexión, ben que, no caso dos aspectos relativos á notificación operacional, se amplía a aplicación ás instalacións localizadas nos territorios non peninsulares co fin de homoxeneizar os procedementos ante os xestores de rede para a súa posta en servizo. Isto último non implica, en ningún caso, que os requisitos técnicos que recollen os códigos de rede de conexión sexan de aplicación ás instalacións localizadas nos territorios non peninsulares.

O capítulo II desenvolve os aspectos relativos á aplicabilidade dos códigos de rede de conexión europeos, os cales toman en consideración as propostas que ao respecto foron presentadas polos xestores de rede ao longo de 2018 e as conclusións dos grupos de traballo, anteriormente mencionados.

Entre estes aspectos de aplicabilidade encóntrase a precisión de qué se debe entender por módulo de xeración de electricidade, para efectos de aplicación do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016. Neste sentido, o concepto de módulo de xeración de electricidade vincúlase, mediante este real decreto, á instalación que obtén os permisos de acceso e conexión, xa sexa de xeito individual, cando se trate dunha instalación de xeración de electricidade constituída por un único módulo de xeración de electricidade, ou como parte dunha instalación de xeración de electricidade que, de acordo co que prevé o mencionado regulamento europeo, estea constituída por varios módulos de xeración de electricidade conectados nun mesmo punto da rede; á devandita instalación será á que, se é o caso, se referirían os permisos de acceso e conexión.

Así mesmo, o real decreto concreta algúns aspectos que resultan relevantes para a aplicación dos códigos de rede de conexión a instalacións que teñan a condición de existentes, como son a definición de determinados conceptos que son empregados neses códigos sen ningunha precisión do seu alcance, como son a planta de xeración principal ou o equipamento de demanda principal, ou as condicións que, en todo caso, requirirán a revisión substancial ou exhaustiva do acordo de conexión.

En relación coa aplicación dos requisitos técnicos a instalacións existentes cando estas sufriron modificacións que fan necesario revisar substancialmente o seu acordo de conexión, este real decreto recolle o procedemento xa previsto nos códigos de rede de conexión respecto do cal se concretan algúns prazos e se asignan á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as competencias que, neste procedemento, os códigos atribúen á autoridade reguladora en termos xenéricos.

Por último, mediante este real decreto, apróbanse os limiares de capacidade máxima necesarios para avaliar a significatividade dos módulos de xeración de electricidade, que serven para determinar cales dos requisitos que regula ese regulamento serán de aplicación en cada caso. Mediante a aprobación destes limiares dáse cumprimento á obriga prevista no artigo 5.3 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

Así mesmo, en relación coa avaliación da significatividade, este real decreto, acolléndose ás consideracións recollidas no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e en liña co traballo desenvolvido nos grupos de traballo, regula a necesidade de que a avaliación da significatividade de módulos de parque eléctrico que se unan para formar unha unidade económica se faga de acordo coa capacidade agregada.

III

Os códigos de rede de conexión prevén a necesidade de levar a cabo un procedemento de notificación operacional, que abrangue desde a enerxización dunha instalación ata a posta en marcha definitiva ou a súa operación comercial, cuxa finalidade é que o titular desa instalación lle demostre ao xestor de rede pertinente que esta cumpre cos requisitos técnicos que lle son de aplicación.

Partindo das propostas recibidas polos xestores da rede, en quen os códigos de rede de conexión europeos fan recaer a obriga de emitir as respectivas notificacións operacionais, o capítulo III regula algúns aspectos de aplicación xeral ao procedemento de notificación operacional, así como outros específicos en función do tipo de instalación que se conecta á rede e de se a conexión se realiza a nivel da rede de transporte ou de distribución.

Entre as cuestións que se regulan no capítulo III encóntranse algúns aspectos xerais relativos ao procedemento de notificación operacional regulado no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e no Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, na medida en que este procedemento, non previsto na regulación nacional ata a data, se debe encaixar cos procedementos administrativos en vigor que se poidan ver afectados ou aqueles que se formalizan ante os xestores de rede. Este é o caso, por exemplo, do procedemento de inscrición no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica, ou dos trámites para a enerxización, probas e posta en servizo en que interveñen os xestores de rede.

Así mesmo, na medida en que os códigos de rede de conexión non concretan a documentación necesaria para solicitar as notificacións operacionais que apliquen en cada caso, deixando aberto o seu alcance ao criterio dos xestores de rede pertinente e limitándose exclusivamente a establecer, nalgúns casos, a documentación que estes terán dereito a exixir, este real decreto concreta nos seus anexos a documentación que será necesario achegar en cada caso, de acordo coas propostas que ao respecto foron remitidas polos xestores de rede.

IV

A disposición adicional primeira recolle o mandato ao operador do sistema para que remita unha proposta de modificación daqueles procedementos de operación do sistema eléctrico cuxo contido sexa necesario adaptar como consecuencia deste real decreto e da aplicación dos códigos de rede de conexión. Este mandato esténdese tamén a aqueles procedementos de operación que sexa necesario adaptar como consecuencia da entrada en vigor da normativa que estableza a aplicabilidade e o alcance no intercambio de datos entre os xestores de rede de transporte, os xestores de rede de distribución e os usuarios significativos da rede pertinentes, que se debe aprobar de acordo co establecido no artigo 40.5 do Regulamento (UE) 2017/1485 da Comisión, do 2 de agosto de 2017, polo que se establece unha directriz sobre a xestión da rede de transporte de electricidade.

Os códigos de rede de conexión prevén a posibilidade de conceder excepcións ao cumprimento dos requisitos técnicos regulados neles. De conformidade co establecido nes regulamentos, a autoridade reguladora deberá especificar e publicar os criterios para a concesión destas excepcións, os cales deberán ser publicados e notificados á Comisión no prazo de nove meses desde a entrada en vigor dos respectivos regulamentos. Dado o tempo transcorrido desde a entrada en vigor dos citados regulamentos comunitarios, sen que ata o momento se fixesen públicos os criterios para a concesión de excepcións, mediante a disposición adicional segunda ínstase a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, como autoridade reguladora nacional, para que leve a cabo esa publicación.

V

A avaliación da conformidade co cumprimento dos requisitos establecidos nos códigos de rede de conexión requirirá que se sume ao tempo necesario para aprobar os criterios que permitan levar a cabo tal avaliación un prazo adicional para a acreditación de laboratorios e outras entidades de certificación. Por iso, mediante a disposición transitoria primeira, habilítase un período de vinte e catro meses desde a aprobación da orde ministerial que, de conformidade co previsto na disposición derradeira sétima deste real decreto, defina os requisitos técnicos recollidos de maneira non exhaustiva nos códigos de rede de conexión, durante os cales os xestores da rede poderán expedir notificacións

operacionais limitadas, que permitirán as inscricións nos rexistros administrativos correspondentes, ata que se poida achegar a información necesaria que permita verificar a conformidade co cumprimento dos requisitos técnicos que sexan de aplicación en cada caso.

Adicionalmente, a aplicación do procedemento de notificación operacional previsto no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e no Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, coas especificidades que ao respecto recolle este real decreto, exixirá que os xestores de rede adapten os seus sistemas e procesos. Posto que esta adaptación non pode ser inmediata, a disposición transitoria segunda establece un período transitorio de tres meses para levala a cabo.

Co fin de contribuír ao obxectivo de desenvolvemento e implantación do autoconsumo en España, e en coherencia cos obxectivos perseguidos e coas medidas adoptadas polo Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, a disposición transitoria terceira exceptúa do cumprimento do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, os módulos de xeración de electricidade que, de acordo coa normativa en vigor, se encontran exentos de obter permisos de acceso e conexión á rede. Poderase pór fin a esta exención mediante orde ministerial, en función do avance que experimente o autoconsumo.

Co fin de dotar de seguridade xurídica e evitar que se poidan impor requisitos novos a instalacións que xa están en servizo ou a proxectos con avanzado estado de definición e compromisos xa adquiridos, a disposición transitoria cuarta establece que as instalacións que, de conformidade co establecido nos códigos de rede de conexión, non poidan ser consideradas existentes e que fosen postas en servizo con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto ou que se poñan en servizo dentro dos seis meses posteriores a el, estarán exentas do cumprimento dos requisitos técnicos que deberán desenvolverse mediante a orde ministerial a que se refire o punto terceiro da disposición derradeira sétima deste real decreto. En ningún caso o anterior eximirá estas instalacións de cumpriren aqueles requisitos que estean completamente definidos nos regulamentos europeos que aproban os códigos de rede de conexión e que, polo tanto, son de directa e obrigada aplicación desde a entrada en vigor deles. Así mesmo, o previsto nesta disposición transitoria debe entenderse sen prexuízo de que unha instalación que poida acollerse a esta exención decida, voluntariamente, non acollerse a ela.

VI

Mediante as disposicións derradeiras primeira e segunda realízanse modificacións na normativa existente que resultan necesarias como consecuencia da entrada en vigor dos códigos de rede de conexión. En concreto, modifícanse algúns artigos do Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia, e do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.

Así mesmo, as modificacións introducidas no citado Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, permiten asegurar a correcta determinación da aplicabilidade e o alcance no intercambio de datos en canto aos requisitos de telemedidas, en tempo real, exixidos no Regulamento (UE) 2017/1485 da Comisión, do 2 de agosto de 2017.

VII

Co fin de dar flexibilidade no despacho de produción a aqueles grupos que terán unha limitación de funcionamento como consecuencia do cumprimento de normativa ambiental europea, a disposición derradeira terceira modifica o Real decreto 738/2015, do 31 de xullo, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica e o procedemento de despacho nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.

Así mesmo, mediante este real decreto, axústanse as liquidacións provisionais e anual aos custos de xeración que efectivamente se recoñezan aos grupos xeradores nestes territorios e dáse solución á situación daquelas instalacións que, manifestándose a súa

necesidade para a cobertura da demanda e contando con todos os permisos no momento da aprobación da Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e o incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, non contan con réxime retributivo adicional.

Por último, adáptanse algúns aspectos da retribución á realidade dos despachos realizados nestes territorios, incluída a posibilidade de que o valor tope de tempo desde a última parada que se vaia considerar na retribución de custos variables por arranque se estableza de forma diferente para cada instalación tipo, igual ca o resto de parámetros técnicos de liquidación que determinan este concepto retributivo nos grupos.

VIII

Co obxecto de asegurar a completa transposición do artigo 14, número 7, letras a) e c), da Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no concernente a un novo proxecto ou modificación substancial dunha instalación industrial cuxa potencia térmica total sexa superior a 20 MW e que xere calor residual nun nivel de temperaturas útil, ou dunha rede urbana de calefacción e refrixeración cuxa potencia térmica total supere os 20 MW, a disposición derradeira cuarta deste real decreto modifica o Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía, e establece que o órgano competente para conceder a autorización administrativa terá en conta o resultado da avaliación completa do potencial de uso da coxeración de alta eficiencia e dos sistemas urbanos de calefacción e refrixeración eficientes, e poderá denegar tal autorización se a análise de custos e beneficios non se adecúa ao establecido no seu anexo IV, parte 2, sobre principios particulares para esta análise.

IX

A disposición derradeira sétima habilita a ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para actualizar, mediante orde, o contido dos anexos, logo da proposta xustificada por parte dos xestores de rede.

Así mesmo, esta disposición derradeira sétima habilita a ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para aprobar, mediante orde, os requisitos técnicos para a conexión á rede non detallados nos regulamentos que aproban os códigos de rede de conexión.

Adicionalmente, a disposición derradeira sétima habilita a ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para aprobar, mediante orde, a aplicabilidade e o alcance no intercambio de datos entre os xestores de rede de transporte, os xestores de rede de distribución e os usuarios significativos da rede pertinentes, de acordo co establecido no artigo 40.5 do Regulamento (UE) 2017/1485 da Comisión, do 2 de agosto de 2017.

X

Esta norma elaborouse tendo en conta os principios de boa regulación, aos cales se refire o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En particular, a norma cumpre os principios de necesidade e eficacia ao considerarse que é o instrumento idóneo para conseguir os obxectivos perseguidos, logo da entrada en vigor dos citados regulamentos comunitarios, en concreto, para definir e desenvolver algúns aspectos necesarios para facilitar a súa aplicabilidade e implementación, cumprir a obriga prevista neles de aprobar os limiares de significatividade e adaptar normativa en vigor afectada por estes.

Así mesmo, cumpre o principio de proporcionalidade ao regular aspectos que se consideran imprescindibles para a consecución do obxectivo principal da norma, que é

facilitar a implementación dos códigos de rede de conexión, sen que existan outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios.

Enténdese satisfeito tamén o principio de seguridade xurídica, dado que a norma contribúe a reforzar tal principio. Por unha banda, é coherente co resto do ordenamento xurídico, así como co dereito da Unión Europea e, por outra, sendo os anteditos regulamentos de directa aplicación e téndose manifestado nos grupos de traballo a incerteza sobre como interpretar ou aplicar determinadas cuestións reguladas neles, esta norma ten por obxecto concretalas.

A norma cumpre o principio de transparencia na medida en que o proxecto foi sometido a audiencia pública e describe no seu preámbulo e na súa memoria os obxectivos que se perseguen.

Finalmente, o principio de eficiencia satisfaise na medida en que non introduce cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionaliza, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

Este real decreto non foi sometido á consulta pública a que se refire o artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, ao regularse nel aspectos parciais dunha materia, neste caso, aspectos concretos relativos á aplicabilidade e ao desenvolvemento de cuestións reguladas nos códigos de rede de conexión.

De conformidade co artigo 26.6 da citada Lei 50/1997, do 27 de novembro, o trámite de audiencia foi realizado mediante consulta aos representantes do Consello Consultivo de Electricidade, de acordo co previsto na disposición transitoria décima da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. As comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla participaron no trámite de audiencia a través do devandito Consello Consultivo de Electricidade, no cal están representadas. Adicionalmente, este real decreto foi sometido a audiencia e información pública, mediante a súa publicación no portal web do actual Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Pola súa parte, as modificacións introducidas no Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro, ás cales se refire a disposición derradeira cuarta, foron sometidas a audiencia de maneira independente. Neste trámite, as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla, así como a Federación Española de Municipios e Provincias, foron notificadas mediante oficio.

Consonte o establecido no artigo 5.2.a) da mencionada Lei 3/2013, do 4 de xuño, sobre o disposto neste real decreto emitiu informe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, denominado «Acordo polo que se emite informe sobre a proposta de real decreto polo que se regulan aspectos necesarios para a implementación dos códigos de rede europeos de conexión», aprobado pola Sala de Supervisión Regulatoria na súa sesión do día 21 de novembro de 2019 (IPN/CNMC/017/19).

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13ª e 25ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de xullo de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular aspectos que se consideran necesarios para a aplicación adecuada dos requisitos recollidos no Regulamento (UE) 2016/631 da Comisión, do 14 de abril de 2016, polo que se establece un código de rede sobre requisitos de conexión de xeradores á rede; no Regulamento (UE) 2016/1388 da Comisión, do 17 de agosto de 2016, polo que se establece un código de rede en materia de conexión da demanda, e no Regulamento (UE) 2016/1447 da Comisión, do 26 de agosto de 2016, polo que se establece un código de rede sobre requisitos de conexión á rede de sistemas de alta tensión en corrente continua e módulos de parque eléctrico conectados en corrente continua.

En particular, este real decreto ten por obxecto regular algúns aspectos relativos ao procedemento de notificación operacional previsto nos citados regulamentos europeos, co fin de que este se integre con outros procedementos ou trámites relacionados coa posta en servizo das instalacións. Adicionalmente, concrépanse cuestións como a documentación necesaria para a formalización das sucesivas notificacións.

Así mesmo, como parte dos aspectos necesarios para a implementación do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, apróbanse os limiares de capacidade máxima que determinarán a significatividade dos módulos de xeración de electricidade e, por tanto, os requisitos do citado regulamento que serán de aplicación en cada caso.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos do previsto neste real decreto, serán de aplicación as definicións recollidas no artigo 2 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, no artigo 2 do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e no artigo 2 do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto neste real decreto será de aplicación:

a) Aos módulos de xeración de electricidade incluídos dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

b) Ás instalacións de demanda, ás instalacións de distribución, ás redes de distribución e ás unidades de demanda incluídas dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016.

c) Aos sistemas de alta tensión en corrente continua (sistemas HVDC) e aos módulos de parque eléctrico conectados en corrente continua incluídos no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016.

2. De acordo co establecido no número anterior, o disposto neste real decreto non será de aplicación, entre outros, a aquelas instalacións que se conecten á rede de transporte ou distribución en territorios cuxo sistema eléctrico non estea conectado de forma síncrona ás zonas síncronas de Europa continental.

Malia o anterior, o disposto no capítulo III deste real decreto será de aplicación aos módulos de xeración de electricidade, instalacións de distribución e instalacións de consumo situados nos territorios non peninsulares coas especificidades canto ao cumprimento de requisitos técnicos necesarios que apliquen en cada caso.

3. Dentro dos módulos de xeración de electricidade a que se refire o punto 1.a) deste artigo, entenderanse incluídas as instalacións de xeración vinculadas a algunha das

modalidades de autoconsumo a que se refire o Real decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo.

4. A aplicación deste real decreto ás instalacións existentes estará suxeita ás normas que se recollen nos artigos 5, 6 e 7.

CAPÍTULO II

Aplicabilidade dos códigos de rede de conexión

Artigo 4. *Aspectos xerais de aplicabilidade.*

1. De conformidade co previsto no artigo 2 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, unha instalación de xeración de electricidade poderá estar composta por un ou varios módulos de xeración de electricidade, a cada un dos cales lles será de aplicación o mencionado regulamento comunitario e a normativa que se aprobe para a súa aplicación e desenvolvemento, dependendo da súa condición de existente, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 5 e 6.

En todo caso, os módulos de xeración de electricidade que se integren nunha instalación de xeración de electricidade quedarán definidos pola súa condición de módulo de xeración de electricidade síncrono ou de módulo de parque eléctrico, segundo proceda en cada caso, así como polo grupo e subgrupo a que pertenzan, de acordo co previsto no citado Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

2. Para efectos da aplicación do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, o módulo de xeración de electricidade corresponderase co módulo de xeración de electricidade síncrono ou módulo de parque eléctrico para o cal se obteñan os permisos de acceso e de conexión, xa sexa de xeito individual ou, se é o caso, como parte dunha instalación de xeración de electricidade para a cal se tramiten e obteñan eses permisos.

3. Sen prexuízo do establecido no número anterior, no caso de instalacións de xeración de electricidade ás cales a normativa en vigor exima de tramitar os procedementos de acceso e conexión á rede, o módulo de xeración de electricidade será aquel que finalmente se inscriba no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica ou, de ser o caso, no Rexistro Administrativo de Autoconsumo de Enerxía Eléctrica.

4. As referencias realizadas no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, á capacidade máxima dun módulo de xeración de electricidade entenderanse referidas á máxima potencia activa que pode producir ese módulo, cumprindo simultaneamente as capacidades de potencia reactiva requiridas a esa capacidade máxima, establecidas no mencionado regulamento e na normativa de desenvolvemento que aprobe os requisitos técnicos que deben establecer os xestores de rede pertinentes, de conformidade co establecido no devandito regulamento.

5. As referencias feitas ao acordo de conexión no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e no Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, entenderanse realizadas ao contrato de acceso ás redes de transporte e distribución ou contrato equivalente, no caso de instalacións para as cales non sexa necesaria a formalización deste.

6. As referencias feitas a instalacións de demanda «utilizadas, ou que o poidan ser, para prestar servizos de resposta de demanda» no Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, entenderanse feitas cando esa instalación solicite habilitarse para a prestación de tales servizos.

Artigo 5. *Instalacións existentes.*

1. De conformidade co previsto no artigo 4.2 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; no artigo 4.2. do Regulamento (UE) n.º 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e no artigo 4.2 do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, terán a

consideración de instalacións existentes aquelas que cumpran algunha das seguintes condicións:

a) As que xa estivesen conectadas e postas en servizo no momento da entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, ou do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, segundo corresponda en cada caso.

b) As que acrediten ter subscrito un contrato definitivo e vinculante de compra da planta de xeración principal, do equipamento de demanda principal ou do equipamento HVDC nun prazo de dous anos desde a entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, ou do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, segundo corresponda en cada caso.

2. En caso de que unha instalación cumpra a condición para poder ser considerada existente a que se refire a letra b) do número anterior e, conforme o previsto nos artigos 4.2. do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, ou do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, segundo corresponda en cada caso, non se acreditase este feito ante o xestor de rede pertinente no prazo establecido nesas artigos, o titular da instalación poderá acreditar ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a condición de existente da instalación. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá decidir, á vista da documentación achegada e tendo en conta o establecido nos citados regulamentos comunitarios, se a instalación cumpre as condicións necesarias para ser considerada existente. A decisión que adopte a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá ser notificada ao titular da instalación.

3. Para os efectos previstos no artigo 4.2.b) do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e neste real decreto, entenderase por planta de xeración principal:

a) No caso de módulos de xeración de electricidade síncronos, o conxunto formado polo elemento motriz e o alternador.

b) No caso de módulos de parque eléctrico, o conxunto formado polo inversor e a unidade xeradora de electricidade, se esta última tiver impacto relevante nas capacidades técnicas do módulo de parque eléctrico. No caso de módulos de parque eléctrico eólicos, considerarase como unidade xeradora de electricidade o aeroxerador que, para estes efectos, se entenderá como o conxunto constituído pola torre, as pas e a góndola.

No caso dos módulos de parque eléctrico fotovoltaicos, unicamente o inversor terá a consideración de planta de xeración principal, e non se considerarán como parte da planta de xeración principal os equipamentos ou compoñentes da parte de corrente continua.

4. Para os efectos previstos no artigo 4.2.b) do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e neste real decreto, entenderase por equipamento de demanda principal:

a) No caso de instalacións de distribución, o transformador de potencia transporte/distribución.

b) No caso de consumidores, todo equipamento ou conxunto de equipamentos cuxa potencia nominal individual ou agregada sexa, polo menos, o 50% da potencia contratada máxima de todos os períodos tarifarios polo conxunto da instalación de demanda. Para as instalacións de autoconsumo ou con xeración asociada ao consumo conectadas á rede de transporte ou distribución, considerarase, en lugar da potencia contratada máxima de todos os períodos tarifarios, a potencia máxima de todos os períodos tarifarios asociada ao consumo.

Adicionalmente, terá a consideración de equipamento de demanda principal a instalación de conexión á rede de transporte ou de distribución da instalación de demanda.

5. Para os efectos previstos no artigo 4.2.b) do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, e neste real decreto, entenderase por:

a) Planta de xeración principal dun módulo de parque eléctrico conectado en corrente continua, o conxunto formado polo inversor e a unidade xeradora de electricidade nos mesmos termos que se sinalan no punto 2.b) deste artigo.

b) Equipamento HVDC, o conxunto formado polas pontes convertoras e os equipamentos de control da unidade convertora.

6. Para acreditar ante o xestor de rede pertinente ou, se é o caso, ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a existencia dun contrato definitivo e vinculante para a compra da planta de xeración principal, deberase remitir, como mínimo, a seguinte información no formato e soporte que para o efecto se dispoña:

a) Título do contrato.

b) Data de sinatura e de entrada en vigor do contrato.

c) Identificación das instalacións de xeración ás cales aplica o contrato. No caso de módulos de xeración de electricidade síncronos, o contrato debe afectar a totalidade do conxunto elemento motor-alternador que poida funcionar de maneira independente. No caso de módulos de parque eléctrico, o contrato deberá afectar a totalidade de inversores e unidades xeradoras que o integren.

d) Descrición detallada dos equipamentos que compoñen a planta de xeración principal para cuxos efectos se achegará certificación do fabricante e, se é o caso, de provedores intermedios.

Tras a recepción da documentación anterior, o xestor de rede pertinente ou, se é o caso, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia identificará as instalacións ás cales aplica o contrato, que terán a consideración de instalacións existentes para os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

7. Para acreditar ante o xestor de rede pertinente ou, se é o caso, ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a existencia dun contrato definitivo e vinculante para a compra do equipamento de demanda principal ou a unidade de demanda, deberase remitir, como mínimo, a seguinte información no formato e soporte que para o efecto se dispoña:

a) Título do contrato.

b) Data de sinatura e de entrada en vigor do contrato.

c) Identificación das instalacións de distribución e de consumo ás cales aplica o contrato.

d) Descrición detallada dos equipamentos que compoñen o equipamento de demanda principal, para cuxos efectos se achegará a certificación do fabricante, así como, se é o caso, de provedores intermedios.

Logo da recepción desta documentación, o xestor de rede pertinente ou, se é o caso, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia identificará as instalacións ás cales aplica o contrato, que terán a consideración de instalacións existentes para os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016.

8. Para acreditar ante o xestor de rede pertinente ou, se é o caso, ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a existencia dun contrato definitivo e vinculante para a compra da planta de xeración principal dun módulo de parque eléctrico ou do equipamento HVDC, deberaselle remitir, como mínimo, a seguinte información no formato e soporte que para o efecto se dispoña:

a) Título do contrato.

b) Data de sinatura e de entrada en vigor do contrato.

c) Identificación das instalacións ás cales aplica o contrato.

d) Descrición detallada dos equipamentos que compoñen a planta de xeración principal ou o equipamento HVDC, para cuxos efectos se achegará a certificación do fabricante, así como, se é o caso, de provedores intermedios.

Logo da recepción desta documentación, o xestor de rede pertinente ou, se é o caso, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia identificará as instalacións ás cales aplica o contrato, que terán a consideración de instalacións existentes para os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016.

9. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia será a encargada de resolver os conflitos que xurdan en relación coa consideración dunha instalación como existente pola aplicación do previsto no artigo 4.2 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; no artigo 4.2 do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e no artigo 4.2 do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, e de acordo co previsto neste real decreto.

Artigo 6. *Aplicación de requisitos técnicos a instalacións existentes.*

1. Para os efectos do previsto nos artigos 4.1.a) do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; 4.1.a) do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e 4.1.a) do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, con carácter previo á solicitude ou actualización dos permisos de acceso e conexión, o titular dunha instalación, sistema ou módulo de xeración de electricidade incluído no ámbito de aplicación de tales regulamentos que teña a condición de existente deberalle solicitar ao xestor de rede pertinente unha valoración da modificación prevista, a cal determinará se esa modificación requirirá da revisión substancial ou exhaustiva do seu acordo de conexión.

No caso de módulos de xeración de electricidade que, de acordo co Real decreto 244/2019, do 5 de abril, non precisen solicitar permiso de acceso e conexión, a solicitude de valoración de modificación prevista no parágrafo anterior deberáselle facer ao xestor de rede pertinente, en todo caso, con carácter previo á emisión da primeira autorización administrativa requirida, de ser o caso, para a modificación da instalación de xeración.

2. Unha vez recibida esta solicitude, o xestor de rede pertinente disporá dun prazo de dez días para requirirle ao titular da instalación a documentación adicional que considere necesaria para poder realizar a valoración.

3. O xestor de rede pertinente disporá dun prazo máximo dun mes, desde a recepción da solicitude ou, se é o caso, desde que se remita a información adicional requirida conforme o sinalado no número anterior, para realizar a valoración e para notificarla ao interesado, así como á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no caso de que a notificación a esta última sexa necesaria, de conformidade co establecido neste artigo.

En caso de que a valoración que realice o xestor de rede pertinente conforme o sinalado no punto primeiro deste artigo determine que se require un novo acordo de conexión, deberá notificarlle ao interesado e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que deberá adoptar unha decisión ao respecto. En caso contrario, o xestor de rede pertinente unicamente deberá notificarllo ao interesado.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia disporá dun prazo de tres meses desde que lle sexa notificada a valoración do xestor de rede pertinente, conforme o previsto no número anterior, para lle remitir ao xestor de rede pertinente a súa decisión sobre se é necesario realizar unha revisión substancial ou exhaustiva do acordo de conexión, así como os requisitos do regulamento correspondente que, se é o caso, lle serán de aplicación.

5. Unha vez recibida a decisión da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o xestor de rede pertinente disporá dunha semana para dar traslado do seu contido ao titular da instalación.

6. En todo caso, o xestor de rede pertinente deberá informar o titular da instalación da necesidade de actualización dos procedementos de acceso e conexión á rede e do alcance correspondente de tal actualización.

No caso de módulos de xeración de electricidade que, de conformidade co establecido no Real decreto 244/2019, do 5 de abril, se encontren exentos da formalización de procedementos de acceso e conexión, o xestor da rede pertinente trasladaralle ao titular dese módulo de xeración de electricidade a súa valoración ou, de ser o caso, o contido da

decisión da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e informarao da necesidade de actualizar o seu acordo de conexión ou de formalizar un novo acordo de conexión.

7. En todo caso, cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determine a necesidade de realizar unha revisión substancial ou exhaustiva do acordo de conexión, o titular da instalación, ou o seu representante para os efectos oportunos, deberá iniciar o procedemento de actualización dos permisos de acceso e conexión ou, de ser o caso, de obtención de novos permisos de acceso e conexión. O anterior non será de aplicación se a instalación está exenta de formalizar tal procedemento, en virtude do disposto no Real decreto 244/2019, do 5 de abril.

8. Os módulos de xeración de electricidade tipo C ou D existentes que, de acordo co establecido neste artigo, se modificasen de tal xeito que o seu acordo de conexión se deba revisar substancialmente estarán suxeitos ao cumprimento de todos os requisitos que lles sexan de aplicación de acordo co Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

Artigo 7. Modificacións que necesariamente requirirán a revisión substancial ou exhaustiva do acordo de conexión.

1. En todo caso, para os efectos do previsto no artigo 6, terán a consideración de modificacións que requirirán revisar substancialmente o acordo de conexión no caso de módulos de xeración de electricidade de tipo C ou D as que cumpran algunha das seguintes condicións:

a) A modificación implica un incremento de potencia superior ao 20% da capacidade máxima do módulo de xeración de electricidade. Para estes efectos, terase en conta o carácter acumulativo dos incrementos de capacidade que teñan lugar a partir dos dous anos seguintes á entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

b) A modificación consiste na substitución ou modernización dos equipamentos que constitúen a planta de xeración principal, cando tal substitución ou modificación afecte unha porcentaxe superior ao 70% da potencia instalada do módulo de xeración de electricidade. Para estes efectos, terase en conta o carácter acumulativo das substitucións ou modernizacións que teñan lugar a partir dos dous anos seguintes á entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

No caso dos módulos de xeración de electricidade síncronos, considerarase como modernización ou substitución dos equipamentos de planta de xeración principal a modernización ou substitución do conxunto formado polo elemento motor e o alternador.

No caso dos módulos de parque eléctrico, considerarase como modernización ou substitución dos equipamentos de planta de xeración principal a modernización ou substitución do conxunto formado polo inversor, en caso de existir, e a unidade xeradora de electricidade, se esta tiver impacto relevante nas capacidades técnicas do módulo de parque eléctrico.

2. No caso de instalacións fotovoltaicas, as referencias á potencia instalada do número anterior entenderanse referidas á potencia máxima do inversor ou, se é o caso, á suma das potencias máximas dos inversores.

3. En todo caso, para efectos do previsto no artigo 6, terán a consideración de modificacións que requirirán a revisión exhaustiva do acordo de conexión no caso de instalacións de demanda as que cumpran o seguinte:

a) Para instalacións de distribución de enerxía eléctrica, en caso de adición dun novo transformador nunha interface transporte-distribución ou distribución-distribución ou substitución do transformador de potencia por outro adquirido con posterioridade aos dous anos seguintes á entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016.

b) Para instalacións de consumidores conectados á rede de transporte ou distribución, cando se cumpra algunha das seguintes condicións:

1.^a) Incremento da potencia contratada que afecte significativamente as capacidades técnicas das instalacións, cando así se determine, con base en criterios obxectivos,

transparentes e non discriminatorios. Estes criterios estableceranse mediante orde da ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Para tal efecto, os xestores da rede remitirán as súas propostas nun prazo non superior a seis meses, desde a entrada en vigor deste real decreto.

2.^a) Modificación dun equipamento ou conxunto de equipamentos que teña unha potencia individual ou agregada de, polo menos, o 50% da potencia contratada máxima de todos os períodos tarifarios polo conxunto da instalación de demanda, tendo en conta que as substitucións ou modernizacións teñen carácter acumulativo a partir dos dous anos seguintes á entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016.

Para as instalacións de autoconsumo ou con xeración asociada ao consumo conectadas á rede de transporte ou distribución considerárase, en lugar da potencia contratada máxima de todos os períodos tarifarios, a potencia máxima de todos os períodos tarifarios asociada ao consumo.

3.^a) Substitución de elementos da instalación de conexión, caso en que será exclusivamente a instalación de conexión a que deba cumprir cos requisitos dos correspondentes regulamentos.

4. Tanto para instalacións de distribución como para instalacións de consumidores, e en caso de adición, modernización ou substitución dun transformador que, conforme o Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, sexa considerado non existente ou suxeito á revisión exhaustiva do seu acordo de conexión, só serán de aplicación os requisitos do devandito regulamento ao transformador engadido, modernizado ou substituído, co alcance das posibilidades prácticas do elemento ou elementos que se substitúan, modernicen ou engadan.

Artigo 8. *Avaliación da significatividade dos módulos de xeración de electricidade.*

1. De conformidade co establecido no artigo 5 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, a avaliación da significatividade dos módulos de xeración de electricidade farase en función da tensión do seu punto de conexión e da súa capacidade máxima, de acordo cos limiares que para cada unha das categorías recollidas nese artigo se establecen a seguir:

a) Tipo A: módulos de xeración de electricidade cuxo punto de conexión sexa inferior a 110 kV e cuxa capacidade máxima sexa igual ou superior a 0,8 kW e igual ou inferior a 100 kW.

b) Tipo B: módulos de xeración de electricidade cuxo punto de conexión sexa inferior a 110 kV e cuxa capacidade máxima sexa superior a 100 kW e igual ou inferior a 5 MW.

c) Tipo C: módulos de xeración de electricidade cuxo punto de conexión sexa inferior a 110 kV e cuxa capacidade máxima sexa superior a 5 MW e igual ou inferior a 50 MW.

d) Tipo D: módulos de xeración de electricidade cuxo punto de conexión sexa igual ou superior a 110 kV ou cuxa capacidade máxima sexa superior a 50 MW.

Malia o anterior, no caso de módulos de xeración de electricidade pertencentes a instalacións de autoconsumo sen excedentes, a significatividade deses módulos avaliarase, de forma agregada no seu caso, exclusivamente pola capacidade máxima sen considerar a tensión do punto de conexión da instalación de demanda asociada.

2. No caso de módulos de parque eléctrico que se unan para formar unha unidade económica e compartan punto de conexión, a avaliación da súa significatividade farase segundo a súa capacidade agregada, polo que a súa significatividade se avaliará segundo a suma da capacidade máxima de cada módulo de parque eléctrico que se conecta no mesmo punto de conexión.

3. Para os efectos previstos no número anterior, considerárase que un conxunto de módulos de parque eléctrico forma parte dunha mesma unidade económica cando concorran as seguintes condicións:

a) Que os módulos de parque eléctrico compartan instalacións de conexión á rede de transporte ou rede de distribución ou se encontren nunha mesma referencia catastral, considerada esta polos seus primeiros 14 díxitos ou, se é o caso, segundo o establecido na disposición adicional vixésima do citado Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

b) Que os módulos de parque eléctrico sexan do mesmo subgrupo consonte o artigo 2 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

c) Que a diferenza entre as datas de inscrición definitiva no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica ou, se é o caso, no Rexistro Administrativo de Autoconsumo de Enerxía Eléctrica, non sexa superior a trinta e seis meses.

4. Non constituirán unha unidade económica os módulos de parque eléctrico que, aínda cumprindo as condicións sinaladas no número anterior, poidan acreditar que non existe continuidade entre eles e ningún dos módulos de parque eléctrico que satisfán eses criterios.

Para estes efectos, considerarase que existe continuidade entre dous módulos de parque eléctrico cando:

a) No caso do subgrupo b.2.1 a que se refire o artigo 2 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, a distancia entre algún dos aeroxeradores de distintos módulos do parque eléctrico sexa inferior a 2.000 metros.

b) No caso dos subgrupos b.1.1 e b.1.2, a que se refire o artigo 2 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, calquera dos elementos físicos ou edificacións dos distintos módulos do parque eléctrico disten menos de 500 metros.

5. Quedan excluídos da avaliación da significatividade consonte a súa capacidade agregada aqueles módulos de parque eléctrico conectados á rede de distribución a tensión igual ou inferior a 1.000 V.

6. A significatividade dun módulo de xeración de electricidade só se reavaliará cando se produza unha variación da súa capacidade máxima superior ao 20% do valor da capacidade máxima dese módulo, tendo en conta que os incrementos de capacidade teñen carácter acumulativo a partir dos dous anos seguintes á entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

7. Nos casos en que, de conformidade co número anterior, proceda reavaliar a significatividade dun módulo de parque eléctrico que se encuentre unido a outros módulos de parque eléctrico cos cales forme unha unidade económica e comparta punto de conexión, a reavaliación da significatividade dese módulo de parque eléctrico farase atendendo á capacidade agregada. O resto de módulos de parque eléctrico que formen parte da citada unidade económica e compartan punto de conexión non verán afectada a súa significatividade en canto que tales módulos, individualmente, non modifiquen a súa capacidade máxima nunha porcentaxe superior ao 20%.

8. O xestor de rede pertinente será o responsable de notificarlles aos titulares dos módulos de xeración de electricidade a súa significatividade e, cando proceda, a súa reavaliación de acordo co establecido neste artigo.

CAPÍTULO III

Notificación operacional de módulos de xeración de electricidade, instalacións de distribución e instalacións de consumo

Artigo 9. *Aspectos xerais relativos á notificación operacional.*

1. Para a posta en servizo de módulos de xeración de electricidade e de instalacións de demanda e distribución, resultará de aplicación o disposto, respectivamente, no capítulo 1 do título III do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e no capítulo 2 do título II do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016.

Adicionalmente, para a posta en servizo dos módulos de xeración de electricidade tipos B e C, deberase obter a notificación operacional de enerxización (EON) e a notificación operacional provisional (ION), conforme o establecido neste capítulo.

Pola súa banda, para a posta en servizo dos módulos de xeración de electricidade tipo A, será necesaria a obtención da notificación operacional definitiva (FON), conforme o establecido neste capítulo. Así mesmo, no caso de módulos de xeración de electricidade de tipo A aos cales se aplique o previsto no número 3 deste artigo, deberán obter notificación operacional provisional.

2. A solicitude para a expedición da notificación operacional de enerxización, da notificación operacional provisional e da notificación operacional definitiva deberá presentarlle ao xestor da rede pertinente o titular do módulo de xeración de electricidade, da instalación de distribución ou da instalación de consumo, segundo corresponda en cada caso, ou o seu representante.

No caso de instalacións de xeración de enerxía eléctrica conectadas nunha posición para a cal, de conformidade co establecido na normativa en vigor, exista un interlocutor único de nó ou axente que actúe en representación de todos os suxeitos que compartan infraestruturas de evacuación e se conectan a través da mesma posición ou nó, a solicitude de enerxización da instalación de enlace será presentada por ese interlocutor ou axente, quen ademais levará a cabo a coordinación das solicitudes de notificación operacional que o afecten.

3. Adicionalmente, no caso de módulos de xeración de electricidade con conexión á rede de distribución, o titular do módulo de xeración de electricidade ou o seu representante deberá solicitar ao operador do sistema e xestor da rede de transporte:

a) Un informe previo á notificación operacional provisional, nos casos en que ese informe sexa necesario conforme o previsto no artigo 39 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, que acredite o cumprimento dos requisitos necesarios para a posta en servizo para probas que deban ser verificados polo operador do sistema e xestor da rede de transporte.

b) Un informe previo á notificación operacional definitiva, nos casos en que ese informe sexa necesario conforme o previsto no artigo 40 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, que acredite o cumprimento dos requisitos necesarios para a posta en servizo definitiva ou en fase de operación comercial que, debendo ser verificados polo operador do sistema e xestor da rede de transporte, non puidesen realizarse previamente.

4. O prazo máximo para a expedición da notificación operacional de enerxización, da notificación provisional e da notificación operacional definitiva, así como dos informes previos sinalados no número anterior, será de dúas semanas desde a recepción, por parte do xestor de rede pertinente, da documentación que proceda achegar en cada caso, conforme o sinalado neste capítulo. O prazo anterior comezará a contar desde a correcta recepción por parte do xestor de rede pertinente da documentación a que se refiren os anexos I, II, III e IV, segundo corresponda en cada caso.

5. O prazo máximo durante o cal un módulo de xeración de electricidade poderá operar en virtude dunha notificación operacional provisional será de vinte e catro meses. Este prazo poderá ser prorrogado exclusivamente se o titular do módulo de xeración de electricidade realizou avances importantes para lograr a súa conformidade total. Para estes efectos, as cuestións pendentes deberán ser claramente identificadas no momento de solicitar a prórroga.

A solicitude de prórroga deberá ser presentada polo titular do módulo de xeración de electricidade ou polo seu representante ao xestor da rede pertinente antes de que finalice o prazo máximo sinalado anteriormente. Para estes efectos, será de aplicación o previsto no disposto no artigo 35.5 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

6. No caso de módulos de xeración de electricidade, será condición necesaria para a súa inscrición previa no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica contar con notificación operacional provisional e, de ser o caso, informe previo do operador do sistema e xestor da rede de transporte a que se refire a letra a) do ordinal

terceiro deste artigo, salvo que esas instalacións non estean obrigadas, conforme o previsto neste título, a obtelos.

Así mesmo, será condición para a súa inscrición definitiva no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica dispor de notificación operacional definitiva e, se é o caso, do informe previo do operador do sistema e xestor da rede de transporte a que se refire a letra b) do ordinal terceiro deste artigo.

7. O procedemento e os requisitos relativos á notificación operacional para a posta en servizo dos módulos de xeración de electricidade e ás instalacións de distribución e ás instalacións de consumo que se recollen neste capítulo serán de aplicación aos módulos de xeración de electricidade, ás instalacións de distribución e ás instalacións de consumo situados nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.

8. A notificación operacional provisional e a notificación operacional definitiva, incluídos, en caso de instalacións con conexión á rede de distribución, os informes previos do operador do sistema, conforme o número 3 deste artigo, así como a aprobación de posta en servizo para probas preoperacionais de funcionamento (APESp), reflectirán, para cada instalación, a potencia instalada e a capacidade máxima consideradas nos permisos de acceso e conexión e recollidas no acordo de conexión.

En caso de posta en servizo parcial dunha instalación, os documentos anteriores reflectirán a súa capacidade máxima parcial. Para estes efectos, considerarase esa capacidade máxima parcial como a mesma proporción da capacidade máxima ca a potencia instalada parcial que se pon en servizo fronte á potencia instalada total da instalación.

En todo caso, e con independencia de se a posta en servizo total dun módulo de xeración de electricidade se realiza mediante postas en servizo parciais ou mediante unha posta en servizo única, resultarán de aplicación a ese módulo os requisitos técnicos ao tipo que corresponda, conforme o artigo 8, segundo a capacidade máxima do módulo de xeración de electricidade. Para estes efectos, os documentos a que se refire este punto deberán deixar constancia do tipo de instalación que corresponda en cada caso.

Artigo 10. *Notificación operacional de módulos de xeración de electricidade con conexión na rede de transporte.*

1. Para a posta en servizo de instalacións de xeración con conexión á rede de transporte, o promotor ou, se é o caso, o interlocutor único de nó ou axente que actúe en representación dos suxeitos que comparten infraestruturas de evacuación, de acordo co establecido no artigo 9.2, deberá solicitar ao xestor da rede de transporte a notificación operacional de enerxización da instalación de enlace e, se é o caso, das instalacións de conexión e servizos auxiliares de produción. Esta notificación requirirase, así mesmo, sempre que se modifiquen as características desas instalacións ou se enerxicen novas instalacións de conexión.

2. A solicitude de notificación operacional de enerxización de módulos de xeración de electricidade conterá a información que se detalla na alínea A) do anexo I. Esta información deberá ser remitida no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o xestor da rede de transporte.

3. Logo da recepción da documentación a que se refire o número anterior, o xestor da rede de transporte expedirá e notificará a correspondente notificación operacional de enerxización no prazo máximo establecido no número 4 do artigo 9, a cal lle outorgará ao titular do módulo de xeración de electricidade o dereito a enerxizar a súa rede e servizos auxiliares de produción internos para os módulos de xeración de electricidade.

En todo caso, para a enerxización da instalación de enlace, tras a emisión da notificación operacional de enerxización, o operador do sistema e xestor da rede de transporte planificará a data de posta en servizo da instalación de enlace, respectando no posible as datas propostas polo titular da rede, que se terá que coordinar co titular da instalación de xeración e, se procede, con outros suxeitos implicados.

4. Á solicitude de notificación operacional provisional deberá xuntárselle a información que se detalla na alínea B) do anexo I. Esta información deberá ser remitida no formato e

mediante os formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema e xestor da rede de transporte.

5. Logo da recepción da documentación a que se refire o número anterior, o xestor da rede de transporte expedirá e notificará a correspondente notificación operacional provisional no prazo máximo establecido no número 4 do artigo 9.

Despois da obtención da notificación operacional provisional, a vertedura de enerxía á rede requirirá a aprobación de posta en servizo para probas preoperacionais de funcionamento (APESp), a cal se fará efectiva tras a inscrición previa no Rexistro Administrativo de Instalacións e Producción de Enerxía Eléctrica dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, xunto coa correspondente solicitude de APESp, que deberá ser remitida no formato e mediante os formularios que para tal efecto dispoña o operador do sistema.

Unha vez recibida a aprobación de posta en servizo para probas preoperacionais de funcionamento, o titular do módulo de xeración de electricidade deberalle comunicar ao operador do sistema a data prevista para a realización das probas cunha antelación mínima dunha semana.

6. A notificación operacional de enerxización e a notificación operacional provisional poderanse solicitar simultaneamente nos casos en que a instalación de enlace non se puxese en servizo.

7. Á solicitude de notificación operacional definitiva, que deberá realizarse tras a finalización das probas preoperacionais de funcionamento, deberá xuntarse a información que se detalla na alínea C) do anexo I. Esta información deberá ser remitida no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema e xestor da rede de transporte.

8. Logo da recepción da documentación a que se refire o número anterior, o xestor da rede de transporte expedirá e notificará a correspondente notificación operacional definitiva no prazo máximo establecido no número 4 do artigo 9.

9. No caso de instalacións ás cales lles sexa de aplicación o artigo 40 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, a notificación operacional definitiva terá a consideración de posta en servizo definitiva ou en fase de operación comercial.

Para o resto de instalacións de xeración, a consideración de posta en servizo definitiva ou en fase de operación comercial entenderase despois da finalización da fase de probas preoperacionais e a posterior resolución do organismo competente pola que se aproba a inscrición definitiva da instalación no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica.

Artigo 11. *Notificación operacional para módulos de xeración de electricidade conectados á rede de distribución.*

1. Para a obtención da notificación operacional de enerxización dun módulo de xeración de electricidade conectado á rede de distribución, o seu titular ou o seu representante deberá remitir a solicitude ao xestor da rede de distribución xunto coa información que se relaciona na alínea A) do anexo IV.

2. Logo da recepción da documentación a que se refire o número anterior, o xestor da rede de distribución expedirá e notificará a correspondente notificación operacional de enerxización no prazo máximo establecido no número 4 do artigo 9.

3. Para obter a notificación operacional provisional dun módulo de xeración de electricidade conectado á rede de distribución, o titular da instalación ou o seu representante deberá remitir a solicitude ao xestor da rede de distribución, a cal deberá ir xunto coa información que se relaciona na alínea B) do anexo IV.

No caso de instalacións conectadas á rede de distribución ás cales sexa de aplicación o ordinal terceiro do artigo 9, á solicitude da notificación operacional provisional deberase xuntar o informe previo do operador do sistema e xestor da rede de transporte. Para obter ese informe, o titular do módulo de xeración de electricidade ou o seu representante deberá remitir ao operador do sistema e xestor da rede de transporte a documentación que se detalla na alínea B) do anexo I.

4. Despois da recepción da documentación a que se refire o número anterior, o xestor da rede de distribución expedirá e notificará a correspondente notificación operacional provisional no prazo máximo establecido no número 4 do artigo 9.

5. Unha vez recibida a notificación operacional provisional, para poder realizar a vertedura de enerxía á rede, o titular do módulo de xeración de electricidade poderá levar a cabo as probas que sexan necesarias con carácter previo á solicitude da notificación operacional definitiva.

No caso de instalacións ás cales resulta de aplicación o disposto na letra b) do artigo 9.3, a realización de probas estará condicionada á aprobación para probas preoperacionais de funcionamento que deberá emitir o operador do sistema. Para a solicitude e obtención desta aprobación será de aplicación o previsto ao respecto no artigo 10.5.

O titular do módulo de xeración de electricidade deberá comunicar ao xestor da rede de distribución a data prevista para a realización das probas cunha antelación mínima de 10 días. Esta comunicación deberá ir xunto co documento que acredite a inscrición previa da instalación no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica. Así mesmo, nos casos en que sexa de aplicación, conforme o establecido no artigo 9.3, á comunicación anterior deberase xuntar a aprobación para a realización de probas preoperacionais de funcionamento emitida polo operador do sistema e xestor da rede de transporte, conforme o establecido no artigo 10.5.

6. Logo da finalización das probas, o titular do módulo de xeración de electricidade deberá comunicar ao xestor da rede de distribución a dispoñibilidade deste para a súa posta en servizo e solicitarlle a expedición da notificación operacional definitiva, para o cal deberá xuntarlle á súa solicitude a información que se relaciona na alínea C) do anexo IV.

No caso de módulos de xeración de electricidade conectados á rede de distribución aos cales sexa de aplicación o ordinal terceiro do artigo 9, á solicitude da notificación operacional definitiva deberase xuntar o informe previo do operador do sistema e xestor da rede de transporte. Para a obtención dese informe, o titular do módulo de xeración de electricidade deberá remitir ao operador do sistema e xestor da rede de transporte a documentación que se detalla na alínea C) do anexo I.

7. Logo da recepción da documentación a que se refire o número anterior, o xestor da rede de distribución expedirá e notificará a correspondente notificación operacional definitiva no prazo máximo establecido no número 4 do artigo 9.

8. No caso de módulos de xeración de electricidade de tipo B e C, a notificación operacional de enerxización, a notificación operacional provisional e a notificación operacional definitiva poderanse obter de xeito simultáneo cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Cando non lles sexa de aplicación o disposto no ordinal terceiro do artigo 9.
- b) Cando se acredite o cumprimento dos requisitos exigibles para a obtención da notificación operacional de enerxización, a notificación operacional provisional e a notificación operacional definitiva.

Artigo 12. *Notificación operacional de instalacións de distribución conectadas á rede de transporte.*

1. Para a posta en servizo das instalacións da rede de distribución con conexión na rede de transporte, o titular da instalación de distribución deberá solicitar ao xestor da rede de transporte a notificación operacional definitiva, que incluírá a verificación dos requisitos incluídos nas notificacións operacionais de enerxización e provisional establecidos no Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016.

Non obstante, en caso de que sexa necesaria a enerxización da instalación ou a realización de probas intermedias para a acreditación dos requisitos previos establecidos para a emisión da notificación operacional definitiva, o titular poderá solicitar a notificación operacional de enerxización ou a notificación operacional provisional de acordo co establecido no citado Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016.

2. A solicitude de notificación operacional de enerxización, provisional ou definitiva, conterá a información que se detalla no anexo II. Esta información deberá remitirse no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema e xestor da rede de transporte.

3. Logo da recepción da documentación a que se refire o número anterior, o xestor da rede de transporte expedirá e notificará a correspondente notificación operacional de enerxización, provisional ou definitiva, no prazo máximo establecido no número 4 do artigo 9.

4. Despois da emisión da notificación operacional definitiva ou, se é o caso, da notificación operacional provisional ou da notificación operacional de enerxización, o operador do sistema e xestor da rede de transporte planificará a data de posta en servizo da instalación de enlace respectando no posible as datas propostas polo transportista, que se terá coordinado co titular da instalación que se incorpora e, de proceder, con outros suxeitos implicados, o que permitirá a enerxización efectiva de tal instalación.

Artigo 13. *Notificación operacional de instalacións de demanda conectadas á rede de transporte.*

1. Para a posta en tensión e en servizo das instalacións de demanda con conexión á rede de transporte, o titular da instalación de consumo ou o seu representante deberalle solicitar ao xestor da rede de transporte a notificación operacional provisional, a cal incluírá a verificación dos requisitos incluídos na notificación operacional de enerxización establecidos no artigo 23 do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e a notificación operacional definitiva.

Porén, en caso de que sexa necesaria a enerxización da instalación para a acreditación dos requisitos previos establecidos para a emisión da notificación operacional provisional, o titular da instalación ou o seu representante poderá solicitar a notificación operacional de enerxización de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016.

2. A solicitude de notificación operacional de enerxización ou provisional conterá a información que se recolle na alínea A) do anexo III. Esta información deberase remitir no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema e xestor da rede de transporte.

3. Logo da recepción da documentación a que se refire o número anterior, o xestor da rede de transporte expedirá e notificará a correspondente notificación operacional de enerxización ou a provisional, no prazo máximo establecido no número 4 do artigo 9.

4. En todo caso, para a enerxización da instalación de enlace, tras a emisión da notificación operacional provisional ou, se é o caso, da notificación operacional de enerxización, o operador do sistema e xestor da rede de transporte planificará a data de posta en servizo da instalación de enlace, incluídas, de ser o caso, as súas modificacións, respectando no posible as datas propostas polo transportista, que se terá coordinado co titular da instalación que se incorpora e, de proceder, con outros suxeitos implicados, o que permitirá a enerxización efectiva de tal instalación de enlace.

5. A solicitude de notificación operacional definitiva conterá a información que se detalla na alínea B) do anexo III. Esta información deberase remitir no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema e xestor da rede de transporte.

6. Logo da recepción da documentación a que se refire o número anterior, o xestor da rede de transporte expedirá e notificará a correspondente notificación operacional definitiva no prazo máximo establecido no número 4 do artigo 9.

Artigo 14. *Notificación operacional limitada de instalacións.*

1. En caso de avaría ou perda significativa das capacidades técnicas que impidan o correcto funcionamento dos módulos de xeración de electricidade de xeración de tipo D ou de instalacións de demanda ou de distribución conectadas á rede de transporte ás cales se lles concedese unha notificación operacional definitiva durante un prazo superior a tres

meses, o titular da instalación ou o seu representante deberalle solicitar ao xestor de rede pertinente unha notificación operacional limitada (LON), para cuxos efectos será de aplicación o previsto no artigo 37 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, segundo corresponda en cada caso.

2. No caso de módulos de xeración de electricidade conectados á rede de distribución para os cales as notificacións operacionais provisional e definitiva requirisen de informe previo do operador do sistema e xestor da rede de transporte, de conformidade co previsto no ordinal terceiro do artigo 9, o titular do devandito módulo de xeración de electricidade deberá informar o operador do sistema e xestor da rede de transporte da solicitude ao xestor da rede de distribución da notificación operacional limitada.

Disposición adicional primeira. *Mandados ao operador do sistema.*

1. Nun prazo non superior a seis meses desde a entrada en vigor da normativa que estableza os requisitos técnicos de conexión á rede necesarios para a aplicación do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, o operador do sistema presentará ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico unha proposta de modificación dos procedementos de operación do sistema eléctrico cuxo contido sexa necesario adaptar de acordo co establecido na dita normativa ou neste real decreto.

2. Nun prazo non superior a seis meses desde a entrada en vigor da normativa que estableza a aplicabilidade e o alcance no intercambio de datos entre os xestores de rede de transporte, os xestores de rede de distribución e os usuarios significativos da rede pertinentes, de acordo co establecido no artigo 40.5 do mencionado Regulamento (UE) 2017/1485 da Comisión, do 2 de agosto de 2017, o operador do sistema presentará unha proposta de modificación dos procedementos de operación do sistema eléctrico cuxo contido sexa necesario adaptar ao aprobado na citada normativa ou neste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Criterios para a concesión de excepcións ao cumprimento dos requisitos establecidos nos regulamentos europeos que aproban os códigos de rede de conexión.*

De conformidade co previsto no título V do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; no título V do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e no título VII do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará os criterios que servirán de base para que a devandita autoridade reguladora conceda excepcións ao cumprimento dos requisitos establecidos neses regulamentos, así como na normativa que se aprobe para o seu desenvolvemento, nos casos e conforme os procedementos que neles se establecen.

Disposición transitoria primeira. *Concesión transitoria de notificacións operacionais limitadas ata a acreditación dos requisitos de códigos de rede de conexión europeos.*

1. Os titulares dos módulos de xeración de electricidade e das instalacións de demanda aos cales lles sexan de aplicación o Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e o Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, disporán dun prazo de vinte e catro meses desde a entrada en vigor da norma que estableza os requisitos derivados deses regulamentos, durante os cales os xestores da rede poderán expedir notificacións operacionais limitadas que lles permitirán a inscrición definitiva das instalacións no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica ou, se é o caso, no Rexistro de Instalacións de Autoconsumo, ata que lles sexa posible achegarlle ao xestor da rede pertinente a documentación necesaria que, de conformidade co establecido no título IV de tales regulamentos, acredite o cumprimento dos requisitos que sexan de aplicación en cada caso.

Por proposta dos xestores de rede, o prazo anterior poderá ser ampliado, antes de que finalice, mediante orde da ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

2. En ningún caso se poderán emitir notificacións operacionais limitadas polas razóns descritas no ordinal primeiro unha vez transcorrido o prazo establecido neste.

3. As notificacións operacionais limitadas emitidas polo xestor da rede pertinente conforme o sinalado nesta disposición transitoria quedarán sen efecto se, transcorrido o prazo sinalado no ordinal primeiro, o titular da instalación non achegou a información necesaria que permita determinar a conformidade da instalación cos requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, no Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e nas súas respectivas normas de desenvolvemento.

4. A perda de efecto será motivo de cancelación da inscrición definitiva da instalación no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Autoconsumo de Enerxía Eléctrica.

5. O xestor da rede deberá informar o titular da instalación, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o organismo competente para a autorización da perda de efecto da notificación operacional limitada no prazo dun mes desde que se produza tal circunstancia.

Disposición transitoria segunda. *Adecuación de sistemas e procesos ao procedemento de notificación operacional.*

Os xestores de rede disporán dun prazo máximo de tres meses, desde a entrada en vigor deste real decreto, para adecuar os seus sistemas e procesos ao procedemento de notificación operacional previsto neste real decreto. Os desenvolvementos que se leven a cabo con este fin incluirán, en todo caso, a elaboración dos formularios a que se fai referencia nos anexos I, II, III e IV.

Disposición transitoria terceira. *Exención do cumprimento do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, aplicable a determinadas instalacións incluídas dentro do ámbito de aplicación do Real decreto 244/2019, do 5 de abril.*

1. Os módulos de xeración de electricidade que pertencen a algunhas das modalidades de autoconsumo a que se refiren os puntos 1.b.i) e 1.b.ii) do artigo 7 do Real decreto 244/2019, do 5 de abril, estarán exentos do cumprimento do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e da normativa que se aprobe para o desenvolvemento e a aplicación de tal regulamento.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no informe anual que debe remitir conforme o establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 244/2019, do 5 de abril, poderá pór de manifesto, se as houber, aquelas cuestións que considere relevantes e que aconsellen a fin da exención recollida no número anterior.

3. Mediante orde ministerial poderase pór fin á exención a que se refire o número anterior. Esta orde deberá valorar a conveniencia de establecer períodos transitorios que sirvan para garantir a adaptación adecuada ao marco normativo das instalacións que ata ese momento estivesen acollidas á devandita exención.

Disposición transitoria cuarta. *Aplicación de requisitos técnicos a instalacións non existentes cuxa data de posta en servizo sexa anterior aos seis meses posteriores á entrada en vigor deste real decreto.*

1. As instalacións que sexan postas en servizo con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto ou dentro dos seis meses posteriores a ela e que, de conformidade co previsto neste real decreto, non se poidan considerar existentes, estarán exentas do cumprimento dos requisitos técnicos para a conexión á rede que deberá aprobar, mediante orde, a ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de conformidade co establecido no ordinal terceiro da disposición derradeira sétima.

Non obstante, aquelas instalacións que, en aplicación do disposto neste número, non cumpran con algún dos requisitos que aprobe a citada orde ministerial deberán cumprir co

requisito equivalente que, se é o caso, sexa de aplicación ás instalacións existentes de conformidade coa normativa en vigor.

2. O disposto no número anterior entenderase sen prexuízo do cumprimento obrigado daqueles requisitos exixidos no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; no Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, ou no Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016, cuxa aplicación non requira, conforme o establecido nos devanditos regulamentos, do desenvolvemento ou da concreción posterior por parte de cada Estado membro por se encontraren totalmente definidos neles; será, por tanto, de aplicación directa.

3. En caso de modificación dunha instalación que, en aplicación do disposto no ordinal primeiro, non cumpra con algún dos requisitos da orde ministerial a que se refire o ordinal terceiro da disposición derradeira sétima, deberase valorar se esa modificación debe supor a revisión substancial ou significativa do acordo de conexión. Para estes efectos serán de aplicación as mesmas normas que prevé este real decreto en relación coa aplicación de requisitos técnicos a instalacións existentes.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia será a encargada de resolver os conflitos que poidan xurdir en relación co cumprimento dos requisitos obrigatorios que sexan de aplicación en virtude do establecido nesta disposición transitoria. Para estes efectos aplicarase o mesmo procedemento previsto no artigo 5 deste real decreto para a resolución de conflitos relacionados coa condición de existente dunha instalación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derróganse cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia.*

O Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un segundo parágrafo ao número 4 do artigo 12, que queda redactado como segue:

«4. O factor de potencia da enerxía subministrada á rede da empresa distribuidora debe ser o máis próximo posible á unidade e, en todo caso, superior a 0,98 cando a instalación traballe a potencias superiores ao 25 por cento da súa potencia nominal.

Malia o anterior, para instalacións dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2016/631 da Comisión, do 14 de abril de 2016, que establece un código de rede sobre requisitos de conexión de xeradores á rede, poderán aplicarse factores de potencia inferiores dentro dos límites de capacidade de reactiva que se recollan na orde ministerial que aprobe os requisitos que deben establecer os xestores de rede pertinentes de conformidade co disposto no devandito regulamento».

Dous. Modifícase a redacción da letra d) do número 1 do artigo 14, que queda redactado como segue:

«d) Protección da conexión máxima e mínima frecuencia e máxima e mínima tensión entre fases como se recolle na táboa 1, onde o proposto para a baixa tensión se xeneraliza para todos os demais niveis. As instalacións dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, deberán coordinar os valores de axuste dos relés de mínima e máxima frecuencia de acordo coas

capacidades técnicas exixidas na orde ministerial que aprobe os requisitos que deben establecer os xestores de rede pertinentes de conformidade co establecido no devandito regulamento. Nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, os valores anteriores serán os recollidos nos procedementos de operación correspondentes. A tensión para a medida destas magnitudes deberase tomar no lado rede do interruptor automático xeral para as instalacións en alta tensión ou dos interruptores principais dos xeradores en redes en baixa tensión. En caso de actuación da protección de máxima frecuencia, a reconexión só se realizará cando a frecuencia alcance un valor menor ou igual a 50 Hz».

Táboa 1

Parámetro	Limiar de protección	Tempo de actuación
Sobretensión – fase 1	$U_n + 10\%$	Máximo 1,5 s
Sobretensión – fase 2	$U_n + 15\%$	Máximo 0,2 s
Tensión mínima	$U_n - 15\%$	Máximo 1,5 s*
Frecuencia máxima	51 Hz	Máximo 0,5 s
Frecuencia máxima	48 Hz	Mínimo 3 s

*No caso de instalacións con obriga de cumprir os requisitos de comportamento fronte a ocos de tensión, o tempo de actuación será igual a 1,5 S.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.*

O Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, queda modificado como segue:

Un. Engádense dous novos parágrafos ao final da letra c) do artigo 7 coa seguinte redacción:

«Malia o anterior, as instalacións ou agrupacións de instalacións cuxa potencia instalada sexa menor de 5 MW e estean incluídas dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2016/631 da Comisión, do 14 de abril de 2016, que establece un código de rede sobre requisitos de conexión de xeradores á rede, deberán cumprir cos requisitos de controlabilidade exixidos no devandito regulamento e nas condicións de funcionamento que se recollan na orde ministerial que aprobe os requisitos que deben establecer os xestores de rede pertinentes de conformidade co disposto en tal regulamento.

De igual xeito, as instalacións ou agrupacións de instalacións cuxa potencia instalada sexa menor de 1 MW e estean incluídas dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2017/1485 da Comisión, do 2 de agosto de 2017, polo que se establece unha directriz sobre a xestión da rede de transporte de electricidade, deberán cumprir cos requisitos de telemidas, en tempo real, exixidos no devandito regulamento e nas condicións de funcionamento que se recollan na orde ministerial que aprobe os requisitos que deben establecer os xestores de rede pertinentes de conformidade co disposto en tal regulamento».

Dous. Engádese un novo parágrafo entre o primeiro e o segundo parágrafo da alínea d) do artigo 7, coa seguinte redacción:

«Malia o anterior, en relación cos requisitos de resposta fronte a ocos de tensión, as instalacións incluídas no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2016/631,

do 14 de abril de 2016, cumprirán unicamente o recollido na orde ministerial que aprobe os requisitos que deben establecer os xestores de rede pertinentes de conformidade co disposto no devandito regulamento».

Tres. Engádesse un novo parágrafo a seguir do parágrafo primeiro e modifícase o último parágrafo da alínea i) da letra e) do artigo 7, que queda redactado como segue:

«i) As instalacións deberanse manter, de forma horaria, dentro do rango de factor de potencia que se indica no anexo III. Ese rango poderá ser modificado, con carácter anual, mediante resolución da Secretaría de Estado de Enerxía, por proposta do operador do sistema, e debe encontrarse, en todo caso, entre os valores extremos de factor de potencia: 0,98 capacitivo e 0,98 indutivo. O citado rango poderá ser diferente en función das zonas xeográficas, de acordo coas necesidades do sistema. Esta resolución será obxecto de publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Malia o anterior, as instalacións incluídas dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, axustarán o seu control do factor de potencia ás capacidades técnicas exixidas na orde ministerial que aprobe os requisitos que deben establecer os xestores de rede pertinentes de conformidade co establecido no devandito regulamento.

No caso de instalacións de produción cun consumidor asociado, este requisito aplicarase de maneira individual á instalación de produción.

O incumprimento desta obriga comportará o pagamento da penalización prevista no citado anexo III para as horas en que se incorra en incumprimento. Esta penalización poderá ser revisada anualmente pola ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico».

Catro. O número 1 do artigo 39 queda redactado como segue:

«1. Á solicitude de inscrición previa xuntarase, polo menos:

a) A autorización de explotación provisional para probas emitida pola Administración competente.

b) A información que acredite o cumprimento adecuado dos procedementos de acceso e conexión, así como do contrato técnico de conexión á rede, e o cumprimento dos requisitos de información, técnicos e operativos establecidos na normativa vixente. Esa información será a seguinte:

i) Para instalacións conectadas á rede de transporte: a notificación operacional provisional emitida polo xestor da rede de transporte, que inclúa o certificado emitido polo encargado da lectura que acredite o disposto no Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, con detalle do Código da instalación de produción para efectos de liquidación (CIL).

ii) Para instalacións conectadas á rede de distribución cunha potencia instalada superior a 1 MW ou ben cunha potencia instalada inferior ou igual a 1 MW que formen parte dunha agrupación do mesmo subgrupo do artigo 2 deste real decreto, conforme a definición de agrupación incluída no seu artigo 7, cando a suma total de potencias instaladas desa agrupación sexa maior de 1 MW: a notificación operacional provisional emitida polo xestor da rede de distribución e o informe do operador do sistema que, de conformidade coa normativa en vigor, cómpre solicitar para estas instalacións con carácter previo á solicitude da notificación operacional. Ese informe do operador do sistema incluírá o certificado emitido polo encargado da lectura que acredite o disposto no Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, con detalle do Código da instalación de produción para efectos de liquidación (CIL). No

caso de instalacións situadas en territorios non peninsulares, o límite de potencia para a aplicación do establecido neste punto será de 0,5 MW.

iii) Para o resto de instalacións: o certificado emitido polo encargado da lectura que acredite o disposto no Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, con detalle do Código da instalación de produción para efectos de liquidación (CIL); o informe do xestor da rede de distribución que acredite o cumprimento adecuado dos procedementos de acceso e conexión, e o contrato técnico de conexión coa empresa distribuidora».

Cinco. O número 1 do artigo 40 queda redactado como segue:

«1. Á solicitude de inscrición definitiva xuntarase, polo menos:

a) A autorización de explotación definitiva pola Administración competente.

b) A información que acredite o cumprimento adecuado dos requisitos de información, técnicos e operativos establecidos na normativa vixente que non puideron ser verificados con carácter previo á inscrición previa a que se refire o artigo 39 deste real decreto, incluída a adscrición a un centro de control de xeración cos requisitos establecidos neste real decreto e a superación favorable das correspondentes probas. Esta información será a seguinte:

i) Para instalacións conectadas á rede de transporte: a notificación operacional definitiva emitida polo xestor da rede de transporte.

ii) Para instalacións conectadas á rede de distribución cunha potencia instalada superior a 5 MW ou ben cunha potencia instalada inferior ou igual a 5 MW que formen parte dunha agrupación do mesmo subgrupo do artigo 2 deste real decreto, conforme a definición de agrupación incluída no seu artigo 7, cando a suma total de potencias instaladas da agrupación sexa maior de 5 MW, a notificación operacional definitiva emitida polo xestor da rede de distribución e o informe do operador do sistema que, de conformidade coa normativa en vigor, é necesario obter para estas instalacións con carácter previo á solicitude da notificación. No caso de instalacións situadas en territorios non peninsulares, o límite de potencia para a aplicación do establecido neste punto será de 0,5 MW.

iii) Para o resto de instalacións: informe do xestor da rede de distribución que acredite o cumprimento adecuado dos requisitos de información, técnicos e operativos establecidos na normativa vixente».

Seis. O artigo 41 queda redactado como segue:

«1. A inscrición previa dunha instalación no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica dependente da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas será cancelada de se producir a caducidade da notificación operacional provisional por terse superado o prazo de vixencia establecido no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, sen obter a notificación operacional definitiva. Non obstante, non se producirá esta cancelación no caso de que a Administración competente autorice de forma motivada unha prórroga por existiren razóns fundadas para que esta inscrición permaneza no rexistro, o que deberá comunicar o órgano competente, se é o caso, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas expresando o prazo máximo durante o cal a vixencia da inscrición se debe prorrogar.

2. A cancelación da inscrición previa comunicarállela a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ao operador do sistema e, de ser o caso, ao xestor da rede de distribución, e suporá a cancelación das notificacións operacionais outorgadas por estes á instalación».

Sete. Insírese un novo parágrafo entre o penúltimo e o último parágrafo da disposición adicional décimo segunda coa seguinte redacción:

«Malia o anterior, as instalacións ou agrupacións de instalacións cuxa potencia instalada sexa menor de 5MW e se encontren dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, deberán cumprir cos requisitos de controlabilidade exixidos polo devandito regulamento, nas condicións de funcionamento que se recollan na orde ministerial que aprobe os requisitos que deben establecer os xestores de rede pertinentes de conformidade co disposto en tal regulamento».

Oito. Insírese un novo parágrafo entre o segundo e o terceiro parágrafos do número 1 do anexo III, coa seguinte redacción:

«O anterior entenderase sen prexuízo das obrigas relativas ao rango de factor de potencia que deriven do cumprimento das obrigas recollidas no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e na orde ministerial que aprobe os requisitos que deben establecer os xestores de rede pertinentes de conformidade co establecido no devandito regulamento».

Nove. Engádese un novo parágrafo ao final do número 9 do anexo XV, coa seguinte redacción:

«Non obstante, os anteriores valores máximos e mínimos de frecuencia que os xeradores poden desacoplar da rede e das súas temporizacións non serán de aplicación para os módulos de xeración de electricidade incluídos dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, para os cales será de aplicación o establecido nese regulamento, así como na orde ministerial que aprobe os requisitos que deben establecer os xestores de rede pertinentes de conformidade co establecido en tal regulamento».

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 738/2015, do 31 de xullo, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica e o procedemento de despacho nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.*

O Real decreto 738/2015, do 31 de xullo, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica e o procedemento de despacho nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, queda modificado como segue:

Un. Engádese o seguinte texto na definición do parámetro «t» contida no parágrafo terceiro do artigo 33.2, que queda redactado como segue:

«Así mesmo, por orde ministerial, poderase establecer e modificar un valor tope diferente do xeral para distintas instalacións tipo».

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 60, o cal queda redactado como segue:

«O despacho de unidades de produción xestionarao o operador do sistema segundo unha orde de mérito económico dos custos variables de despacho dos grupos, tendo en conta as restricións técnicas de cada sistema, as particularidades no despacho de produción establecidas para as instalacións de bombeo, así como as reservas de potencia necesarias para garantir a calidade do servizo e, se é o caso, as limitacións de funcionamento autorizadas aos grupos.

As limitacións de funcionamento dos grupos serán autorizadas mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de solicitude xustificada do titular dos grupos. Na resolución establecerase o tipo de limitación aplicable e o período en que esa limitación terá efectos.

A indispoñibilidade derivada do cumprimento das limitacións de funcionamento que fosen autorizadas non se computarán para efectos de determinar a retribución por custos fixos establecida nos artigos 22 e 29, nin para calcular o índice de funcionamento reducido.

Así mesmo, poderase requirir informe de valoración técnica e económica do operador do sistema».

Tres. Modifícase a letra a), número 3, do artigo 69, a cal queda redactada como segue:

«a) Un primeiro despacho, realizado con criterio exclusivamente económico e considerando, se é o caso, a limitación de horas de funcionamento autorizadas dos grupos».

Catro. Modifícase a alínea c) do artigo 72.1, que queda redactada como segue:

«c) Unha vez realizado o anterior, o operador do sistema liquidará o resto de ingresos entre as instalacións de produción que teñan recoñecido un réxime retributivo adicional ou específico proporcionalmente á súa enerxía xerada medida en barras de central, coa limitación de ingresos correspondentes aos conceptos das alíneas a) e c) do artigo 7.1. para as instalacións con réxime retributivo específico».

Cinco. Modifícase a alínea a) 1.º do artigo 72.3, que queda redactada como segue:

«1.º) Os custos de xeración de liquidación obtidos de aplicar o réxime retributivo adicional definido no artigo 18 a todas as centrais categoría A con dereito a ese réxime retributivo sen aplicar a corrección por factura de combustible definida no artigo 31 e incluída unha estimación da retribución por outros custos operativos recollidos no artigo 36, así como, se é o caso, do imposto especial sobre o carbón que resulte de aplicación de acordo coa Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais».

Seis. Modifícase o parágrafo primeiro da alínea b) do artigo 72.4, o cal queda redactado como segue:

«b) En cada liquidación mensual, o organismo encargado da liquidación do sector eléctrico aboará con cargo ao sistema eléctrico, para cada empresa xeradora, a contía correspondente á diferenza entre a retribución acumulada ata ese mes, a contía liquidada no despacho de produción polo operador do sistema e a contía con cargo aos orzamentos xerais do Estado correspondente aos mesmos meses, conforme o previsto no artigo 4.b) do Real decreto 680/2014, do 1 de agosto».

Sete. Modifícanse os números 3, 3 bis e 4 da disposición transitoria primeira, os cales quedan redactados nos seguintes termos:

«3. As solicitudes de resolución de compatibilidade presentadas desde a entrada en vigor da Lei 17/2013, do 29 de outubro, e ata a entrada en vigor deste real decreto serán tramitadas segundo o procedemento establecido nos artigos 47, 48 e 49, coas particularidades descritas nesta disposición.

No prazo de dous meses desde a publicación da resolución definida no número anterior, os titulares das instalacións citadas no parágrafo anterior deberán complementar a súa solicitude presentando a información relativa a cada unha das instalacións proxectadas coa desagregación establecida no anexo VIII.1 deste real decreto, e xuntarán, así mesmo, o xustificante da Caixa Xeral de Depósitos acreditativo de ter depositado a garantía económica establecida no artigo 50.

3 bis. As solicitudes de resolución de compatibilidade presentadas con anterioridade á finalización do prazo de dous meses desde a publicación da resolución de convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva definida no número 2 acumularanse ás solicitudes presentadas ao abeiro do número anterior, a excepción daquelas que resulten inadmitidas.

4. Se o informe anual de cobertura da demanda establecido na disposición adicional sétima.2.b pon de manifesto que non é necesaria potencia adicional nun sistema eléctrico illado, non se convocará o procedemento de concorrencia competitiva nese sistema e as solicitudes presentadas desde a entrada en vigor da Lei 17/2013, do 29 de outubro, e ata a entrada en vigor deste real decreto para ese sistema serán resoltas desfavorablemente pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo do trámite de audiencia».

Oito. Engádese un número 5 á disposición transitoria primeira, nos seguintes termos:

«5. As solicitudes de resolución de compatibilidade presentadas ao abeiro do previsto nos números 2 e 5 da disposición transitoria primeira da Lei 17/2013, do 29 de outubro, resolveráas a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas logo do informe do operador do sistema e da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia».

Nove. Engádese un terceiro parágrafo no número 1 do anexo X coa seguinte redacción:

«Terase en conta, así mesmo, a particular situación dos grupos con limitación de horas de funcionamento. O operador do sistema determinará en que momentos do ano estes grupos serán despachados, de acordo con criterios de seguridade de subministración e eficiencia económica».

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía.*

Engádese un número 7 no artigo 13 do Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía, coa seguinte redacción:

«7. Con carácter previo á autorización administrativa das instalacións que se indican nas alíneas a) e b) do número 5, o promotor da instalación deberá presentar ante o órgano competente para conceder tal autorización a análise de custos e beneficios en relación coas medidas destinadas a promover a eficiencia dos sistemas de calefacción e refrixeración. Esta análise de custos e beneficios realizarase de conformidade co establecido no anexo IV, parte 2, deste real decreto. O órgano competente para conceder a autorización administrativa das instalacións que se indican nas alíneas a) e b) do número 5 terá en conta o resultado da avaliación completa a que se refire o número 1 e poderá denegar esa autorización se a análise de custos e beneficios non se adecúa ao establecido no anexo IV, parte 2, deste real decreto».

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13ª e 25ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira sexta. *Execución e incorporación de dereito da Unión Europea.*

1. Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español o artigo 14, número 7, letras a) e c), da Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no que respecta aos casos enumerados no artigo 14, número 5, letras c) e d).

2. Mediante este real decreto execútase a obriga a que se refire o artigo 5.3 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, relativa á aprobación dos limiares de capacidade máxima para os módulos de xeración dos tipos B, C e D.

Disposición derradeira sétima. *Habilitación normativa.*

1. Habilítase a ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para actualizar, mediante orde, o contido dos anexos I, II e III logo da proposta xustificada do xestor da rede de transporte, en función da experiencia adquirida e das necesidades detectadas como consecuencia da práctica das notificacións operacionais.

2. Habilítase a ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para actualizar, mediante orde, o contido do anexo IV logo da proposta xustificada dos xestores da rede de distribución, en función da experiencia adquirida e das necesidades detectadas como consecuencia de efectuar as notificacións operacionais.

3. Habilítase a ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para aprobar, mediante orde, os requisitos técnicos para a conexión á rede necesarios para a aplicación do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016; do Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, e do Regulamento (UE) 2016/1447, do 26 de agosto de 2016.

4. Habilítase a ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para aprobar, mediante orde, a aplicabilidade e o alcance no intercambio de datos entre os xestores de rede de transporte, os xestores de rede de distribución e os usuarios significativos da rede pertinentes, de acordo co establecido no artigo 40.5 do Regulamento (UE) 2017/1485 da Comisión, do 2 de agosto de 2017, polo que se establece unha directriz sobre a xestión da rede de transporte de electricidade.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», a excepción da disposición derradeira terceira, cuxa entrada en vigor terá lugar o día 1 do mes seguinte ao da devandita publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de xullo de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta cuarta do Goberno
e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ

ANEXO I

Información necesaria para solicitar a notificación operacional de módulos de xeración de electricidade conectados á rede de transporte

A) Información para a solicitude da notificación operacional de enerxización.

Con carácter xeral, a solicitude de notificación operacional de enerxización de instalacións de enlace asociadas a módulos de xeración de electricidade deberá ir xunto coa información que se detalla a seguir no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o xestor de rede pertinente:

- a) Descrición da instalación (nome e número de transformador, entre outros).
- b) Nó de conexión á rede de transporte (nome e tensión).
- c) Programa de probas e datas previstas de posta en servizo para probas e de operación comercial ou dispoñibilidade da instalación.
- d) Autorización de explotación provisional para probas por parte do órgano competente.
- e) Permisos de acceso e conexión firme por parte do operador do sistema.
- f) Contrato técnico de acceso.
- g) Cumprimento do Regulamento unificado de puntos de medida canto ás características da instalación de medida, verificacións en orixe e autorizacións de uso dos equipamentos de medida, alta no concentrador principal e recepción de medidas da súa fronteira no sistema de medidas de acordo cos procedementos establecidos, compromiso de verificación dos equipamentos e da instalación nun prazo non superior a tres meses logo da alta no concentrador principal, cando a enerxización inclúa entre as instalacións de conexión algún transformador.
- h) Información actualizada da instalación de enlace segundo o procedemento de operación en que se regula a información intercambiada polo operador do sistema, no formato ou nos formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema.
- i) Alta no sistema de telemedidas en tempo real, de aplicación a instalacións de enlace, incluída a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de control en tempo real que verificará o operador do sistema a través dun centro de control habilitado e que cumpra coas especificacións establecidas na normativa que corresponda.
- j) A documentación que acredite a sinatura dun procedemento de coordinación de manobras co operador do sistema que asegure en todo caso a operatividade da rede de transporte.

B) Información para a solicitude da notificación operacional provisional.

Con carácter xeral, a solicitude de notificación operacional provisional de módulos de xeración de electricidade con conexión á rede de transporte deberá ir xunto coa información que se detalla a seguir no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o xestor de rede pertinente.

- a) Notificación operacional de enerxización da instalación de enlace e, se é o caso, das instalacións de conexión e servizos auxiliares de produción para as instalacións de xeración con conexión á rede de transporte, en caso de que resulte de aplicación.
- b) Permiso de acceso e conexión.
- c) Contrato de acceso.
- d) Cumprimento do Regulamento unificado de puntos de medida canto ás características da instalación de medida, verificacións en orixe e autorizacións de uso dos equipamentos de medida, alta no concentrador principal e recepción de medidas da súa fronteira no sistema de medidas de acordo cos procedementos establecidos, compromiso de verificación dos equipamentos e da instalación nun prazo non superior a tres meses logo da alta no concentrador principal.

e) Información actualizada da instalación de xeración segundo o procedemento de operación no cal se regula a información intercambiada polo operador do sistema, no formato ou nos formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema.

f) Alta no sistema de teledidas en tempo real, de aplicación ás instalacións de xeración, incluída a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de control en tempo real que verificará o operador do sistema a través dun centro de control habilitado e que cumpra coas especificacións establecidas no procedemento de operación 8.2. ou na normativa que, de ser o caso, a substitúa.

g) Alta no sistema de liquidacións da unidade de venda de enerxía, no caso de instalacións conectadas no Sistema eléctrico peninsular español; para as instalacións situadas nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, alta no despacho económico segundo o establecido no correspondente procedemento de operación.

h) A documentación que se poida achegar no momento da solicitude de notificación operacional provisional que demostre a conformidade co cumprimento dos requisitos técnicos que resulten de aplicación en cada caso, segundo o que se indica a seguir:

1.º No caso de módulos de xeración de electricidade situados no Sistema eléctrico peninsular español aos cales resulten de aplicación os requisitos técnicos incluídos no Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e na normativa que sexa aprobada para efectos do seu desenvolvemento e aplicación, achegarase a documentación que demostre a conformidade co establecido no título IV do devandito regulamento de acordo co establecido na norma técnica de supervisión correspondente.

2.º No caso de módulos de xeración de electricidade situados no Sistema eléctrico peninsular español aos cales non resulten de aplicación os requisitos técnicos do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, achegarase, cando así proceda, a documentación que demostre a conformidade cos requisitos de resposta fronte a oscos de tensión de acordo co procedemento de verificación establecido para o efecto no procedemento de operación 12.3.

3.º No caso de módulos de xeración de electricidade situados nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, achegarase a documentación que demostre a conformidade cos requisitos técnicos que lles sexan de aplicación de acordo coa normativa en vigor e co establecido na norma técnica de supervisión que, de ser o caso, se desenvolva.

A documentación anterior será a mesma que se deberá xuntar coa solicitude de informe previo á notificación operacional provisional no caso de instalacións conectadas á rede de distribución a que se refire o número 3 do artigo 9.

C) Información para a solicitude da notificación operacional definitiva.

Con carácter xeral, a solicitude de notificación operacional definitiva de instalacións de xeración deberá ir xunto coa información que se detalla a seguir no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o xestor de rede pertinente:

a) Notificación operacional provisional para as instalacións de xeración.

b) Inscripción previa no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica.

c) Verificación da recepción correcta das teledidas en tempo real e verificación da dispoñibilidade e operatividade dos equipamentos de control mediante a superación das probas de control de produción e seguimento de instrucións do operador do sistema que permitan garantir en todo momento a fiabilidade do sistema eléctrico e a adscrición a un centro de control habilitado conforme o establecido no artigo 7 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

d) A documentación que demostre a conformidade co cumprimento dos requisitos técnicos que resulten de aplicación en cada caso, segundo o que se indica a seguir:

1.º No caso dos módulos de xeración de electricidade situados no Sistema eléctrico peninsular español aos cales resulten de aplicación os requisitos técnicos incluídos no

Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, e na normativa que sexa aprobada para efectos do desenvolvemento e da súa aplicación, achegarase a documentación que demostre conformidade co establecido no título IV do devandito regulamento de acordo co establecido na norma técnica de supervisión correspondente.

2.º No caso de módulos de xeración de electricidade situados no Sistema eléctrico peninsular español aos cales non resulten de aplicación os requisitos técnicos do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, achegarase, cando así proceda, a documentación que demostre a conformidade cos requisitos de resposta fronte a ocios de tensión de acordo co procedemento de verificación establecido para o efecto no procedemento de operación 12.3.

3.º No caso de módulos de xeración de electricidade situados nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, achegarase a documentación que demostre a conformidade cos requisitos técnicos que lles sexan de aplicación, segundo se definan nos procedementos de operación correspondentes e de acordo co establecido na norma técnica de supervisión que, se é o caso, se desenvolva.

e) Disponibilidade na base de datos do operador do sistema de toda a información estrutural da instalación, consonte o disposto nos correspondentes procedementos de operación; en particular, os requisitos de información que puideron quedar pendentes de completar (cando sexa de aplicación a caracterización de harmónicos e informes de validación da idoneidade dos modelos dinámicos).

A documentación anterior será a mesma que se deberá xuntar coa solicitude de informe previo á notificación operacional definitiva no caso de instalacións de xeración conectadas á rede de distribución a que se refire o número 3 do artigo 9.

ANEXO II**Información para solicitar a notificación operacional de instalacións de distribución conectadas á rede de transporte**

Con carácter xeral, a solicitude de notificación operacional de enerxización provisional e definitiva de instalacións de distribución deberá ir xunto coa información que se detalla a seguir, no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema:

- a) Descrición da instalación (nome e número de transformador, entre outros).
- b) Nó de conexión ou, se é o caso, nó de afección á rede de transporte (nome e tensión).
- c) Programa de probas e datas previstas de posta en servizo para probas e de operación comercial ou dispoñibilidade da instalación.
- d) Permiso de acceso e conexión.
- e) Contrato de acceso.
- f) Cumprimento do Regulamento unificado de puntos de medida (RUPM) canto ás características da instalación de medida, verificacións en orixe e autorizacións de uso dos equipamentos de medida, alta no concentrador principal e recepción de medidas da súa fronteira no sistema de medidas de acordo cos procedementos establecidos, compromiso de verificación dos equipamentos e da instalación nun prazo non superior a tres meses logo da alta no concentrador principal.
- g) Información actualizada da instalación segundo o procedemento de operación en que se regula a información intercambiada polo operador do sistema, no formato ou nos formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema.
- h) Alta no sistema de teledadidas en tempo real, de aplicación a instalacións de enlace.
- i) A documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de control en tempo real, o que verificará o operador do sistema, para o cal se deberá contar cun centro de control que cumpra coas especificacións establecidas no procedemento de operación 8.2 ou, se é o caso, coa normativa que o substitúa.

A documentación que demostre a conformidade cos requisitos que resulten de aplicación segundo o Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, de conformidade co establecido no título IV do devandito regulamento e na norma técnica de supervisión que, se é o caso, se desenvolva.

ANEXO III**Información para solicitar a notificación operacional de instalacións de demanda conectadas á rede de transporte**

A) Información para a solicitude da notificación operacional de enerxización e provisional.

Con carácter xeral, a solicitude de notificación operacional de enerxización e provisional de instalacións de demanda deberá ir xunto coa información que se detalla a seguir, no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema:

- a) Descrición da instalación (nome e número de transformador, entre outros).
- b) Nó de conexión ou, se é o caso, nó de afección á rede de transporte (nome e tensión).
- c) Programa de probas e datas previstas de posta en servizo para probas e de operación comercial ou dispoñibilidade da instalación.
- d) Permiso de acceso e conexión.
- e) Contrato de acceso.
- f) Cumprimento do Regulamento unificado de puntos de medida (RUPM) canto ás características da instalación de medida, verificacións en orixe e autorizacións de uso dos equipamentos de medida, alta no concentrador principal e recepción de medidas da súa fronteira no sistema de medidas de acordo cos procedementos establecidos, compromiso de verificación dos equipamentos e da instalación nun prazo non superior a tres meses logo da alta no concentrador principal. No caso da solicitude de notificación operacional de enerxización, este requisito só resultará de aplicación cando esta inclúa entre as instalacións de conexión algún transformador.
- g) Información actualizada da instalación segundo o procedemento de operación no cal se regula a información intercambiada polo operador do sistema, no formato ou nos formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema.
- h) Alta no sistema de telemedidas en tempo real, de aplicación a instalacións de enlace, incluída a documentación que, no momento de solicitar a notificación operacional provisional, se puiden achegar para demostrar a conformidade cos requisitos de control en tempo real, o que verificará o operador do sistema mediante a adscrición a un centro de control habilitado e que cumpra coas especificacións establecidas no procedemento de operación 8.2, ou normativa que o substitúa.
- i) A documentación que acredite a sinatura dun procedemento de coordinación de manobras co operador do sistema que asegure, en todo caso, a operatividade da rede de transporte.
- j) A documentación que, no momento de solicitar a notificación operacional provisional, se puiden achegar para demostrar a conformidade cos requisitos que resulten de aplicación segundo o Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, de acordo co establecido no título IV dese regulamento e na norma técnica de supervisión que, de ser o caso, se desenvolva.

B) Información para a solicitude da notificación operacional definitiva.

Con carácter xeral, a solicitude de notificación operacional definitiva de instalacións de demanda deberá ir xunto coa información que se detalla a seguir no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoña o operador do sistema:

- a) Notificación operacional provisional.
- b) Dispoñibilidade na base de datos do operador do sistema de toda a información estrutural da instalación, consonte o disposto nos correspondentes procedementos de operación; particularmente, os requisitos de información que puideron quedar pendentes de completar (cando sexa de aplicación, caracterización de harmónicos e informes de validación da idoneidade dos modelos dinámicos).
- c) A documentación que demostre a conformidade cos requisitos que resulten de aplicación segundo o Regulamento (UE) 2016/1388, do 17 de agosto de 2016, de acordo co establecido no título IV dese regulamento e na norma técnica de supervisión que, de ser o caso, se desenvolva.

ANEXO IV

Información para solicitar a notificación operacional de módulos de xeración de electricidade conectados á rede de distribución

A) Información para a solicitude da notificación operacional de enerxización.

Con carácter xeral, a solicitude de notificación operacional de enerxización deberá ir xunto coa información que se detalla a seguir, no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoñan os xestores das redes de distribución:

a) Acordo sobre axustes dos sistemas de protección e control adecuados ao punto de conexión entre o xestor de rede pertinente e o propietario da instalación de xeración de electricidade, de acordo co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

b) Documentación que acredite a existencia dun contrato de subministración para servizos auxiliares de produción, de proceder.

c) Contrato de acceso ou documento equivalente, salvo no caso de que, de conformidade coa normativa en vigor, non sexa necesaria a súa subscripción.

B) Información para a solicitude da notificación operacional provisional.

Con carácter xeral, a solicitude de notificación operacional provisional deberá ir xunto coa información que se detalla a seguir, no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoñan os xestores das redes de distribución:

a) Documentación relacionada no artigo 35.3 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016, coas excepcións que, para estes efectos, deriven da aplicación do previsto na disposición transitoria cuarta.

b) De ser o caso, informe previo emitido polo operador do sistema a que se refire o ordinal terceiro do artigo 9.

C) Información para a solicitude da notificación operacional definitiva.

Con carácter xeral, a solicitude de notificación operacional definitiva deberá ir xunto coa información que se detalla a seguir, no formato e mediante os formularios que para o efecto dispoñan os xestores das redes de distribución:

a) No caso de instalacións de tipo A, o documento de instalación a que se refire o artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

b) No caso de instalacións de tipo B e C, o documento de módulo de xeración de electricidade a que se refire o artigo 32.3 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

c) No caso de instalacións de tipo D, a información que acredite o cumprimento dos aspectos recollidos nos artigos 36.2 e 36.3 do Regulamento (UE) 2016/631, do 14 de abril de 2016.

d) Nos casos a que se refire o ordinal terceiro do artigo 9, o informe previo emitido polo operador do sistema.

En relación coas alíneas a), b) e c) anteriores teranse en conta as excepcións que, para estes efectos, deriven da aplicación do previsto na disposición transitoria cuarta.